

O pasado luns, 22 de febreiro de 2016, tivo lugar no **IES Antonio Fraguas** do Barrio de Fontiñas a presentación do proxecto “ **EU RESPECTO**” unha campaña de sensibilización para a igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI (lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais).

Asistiron o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, o director xeral de Educación, F.P. e Innovación, Manuel Corredoira López e a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella. Así como alumnado e profesorado do IES e diversos medios de comunicación.

O IES Antonio Fraguas ven traballando na igualdade de trato nos seus múltiples ámbitos dende hai anos. Dentro dos plans de convivencia, esta é unha liña máis para concienciar e sensibilizar aos rapaces e rapazas no respecto á diversidade sexual e no principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

Portavoces da Consellería manifestaron que se porá en marcha unha nova materia de libre configuración e estudarase a posibilidade de implantar un novo ciclo formativo relacionado con este ámbito.

